



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesusaboadaachivite.org

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN EVANXÉLICA

DATA: 11/05/2020

XEFE/A DE DEPARTAMENTO: REBECA ARES IGLESIAS

ÍNDICE.

1. PROFESORES DO DEPARTAMENTO E MATERIAS QUE IMPARTEN	1
2. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN CADA CURSO E MATERIA	1
2.1 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 1º ESO	1
➤ Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020	1
➤ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	2
➤ Avaliación e cualificación	3
➤ Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	5
➤ Información e publicidade	5
2.2 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 2º ESO	6
➤ Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020	6
➤ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	7
➤ Avaliación e cualificación	9
➤ Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	11
➤ Información e publicidade	11
2.3 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 3º ESO	12
➤ Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020	12
➤ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	13
➤ Avaliación e cualificación	15
➤ Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	17
➤ Información e publicidade	17
2.3 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 1º BACHARELATO	18
➤ Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020	18
➤ Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	19
➤ Avaliación e cualificación	21
➤ Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	23
➤ Información e publicidade	23

1. PROFESORES DO DEPARTAMENTO E MATERIAS QUE IMPARTEN

O Departamento de Relixión Evanxélica é un departamento unipersoal.

A Xefa de Departamento, Rebeca Ares Iglesias imparte a materia de Relixión Evanxélica para os cursos de 1º,2º,3º ESO e 1º de Bacharelato.

2. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN CADA CURSO E MATERIA

2.1 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 1º ESO.

Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020

Bloque 1. Vida e ministerio de Xesús

- ✓ Vida de Xesús. Nacemento e infancia de Xesús
- ✓ O ministerio de Xesús
- ✓ A figura de Xesús: Deus e home, exemplo de vida, boas novas de salvación.

Bloque 2. Ser cristiá, unha forma de vida

- ✓ A dignidade de tódalas persoas
- ✓ O ser humano como creación de Deus

Bloque 3. Ética cristiá

- ✓ O valor da vida e o amor de Deus pola humanidade
- ✓ A familia cristiá.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ata o 13 marzo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>1. Identificar e ordenar cronoloxicamente as etapas do nacemento, crecemento e primeiros anos do ministerio de Xesús, que relatan os evanxeos.</p> <p>2. Obter y analizar información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, utilizando a Biblia como fonte.</p> <p>3. Explicar a figura de Xesús, analizando a súa divinidade e humanidade, así como o seu exemplo de vida.</p> <p>4. Valorar as boas novas de salvación analizando textos bíblicos.</p>	<p>1.1 Recoñece e ordena cronoloxicamente as etapas da vida de Xesús emprazándoas nunha liña de tempo, táboa ou gráfico entendendo a importancia e o valor de cada unha delas.</p> <p>2.1. Busca, selecciona e organiza información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, a analiza, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e o comunica oralmente ou por escrito.</p> <p>2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para elaborar traballos acerca da vida de Xesús</p> <p>2.3. Analiza informacións relacionadas coa vida de Xesús manexando mapas, resumos e as tecnoloxías da información e a a comunicación.</p> <p>3.1. Relaciona e distingue explicando coas súas palabras a divinidade e humanidade de Xesús analizando diversos textos bíblicos.</p> <p>3.2. Observa, analiza e explica a primeira etapa da vida de Xesús, nomeando algúns dos exemplos máis relevantes da súa conduta, e actitudes.</p> <p>4.1. Valora, partindo do análise de diversos textos bíblicos, as boas novas da salvación encarnadas en Xesús, resumindo as súas conclusións persoais.</p> <p>4.2. Le e identifica no evanxeo de Xoán características de Xesús, resumíndoas coas súas palabras.</p>
<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que amosan que o ser humano foi creado á imaxe de Deus.</p> <p>3. Explicar o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións.</p>	<p>1.1. Explica bíblicamente a natureza do ser humano: corpo, alma e espírito.</p> <p>1.2. Reflexiona sobre a imaxe de Deus no ser humano creado como home e muller..</p> <p>1.3. Dialoga sobre a relación que hai entre a capacidade creadora de Deus e a capacidade creadora do ser humano.</p> <p>1.4. Debate sobre a vida como sagrada e importante xustificándoo bíblicamente.</p> <p>1.5. Analiza desde a perspectiva bíblica a dignidade de todas as persoas, explicando as implicacións prácticas.</p> <p>3.1. Analiza o amor de Deus pola humanidade reflectido na creación e debate na clase como se traduce nun plan para cada persoa particular.</p>
<p>2. Entender a base bíblica da familia cristiá.</p>	<p>2.1. Le textos bíblicos analizando as características da familia cristiá..</p> <p>2.2. Busca información, compara e analiza algunhas familias da Biblia e extrae conclusións para a súa propia vida.</p>

Avaliación e cualificación no 3º trimestre	
Avaliación (Actividades de reforzo e/ou ampliación)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Avaliación (Actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliacións)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos.</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será a media aritmética da primeira e segunda avaliación mais a valoración do traballo da terceira avaliación (ata un punto, cun redondeo en positivo unha vez acadados os 0’5 puntos) A cualificación será positiva se o alumno acada unha nota maior ou igual que 5.</p>

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Na proba extraordinaria de Setembro non aparecerán cuestións que non sexan relativas ós contidos da 1ª e 2ª avaliación. No caso de desenvolverse presencialmente, a proba será escrita, de xeito convencional.</p> <p>No caso de desenvolverse a distancia, a proba se desenvolverá por medios telemáticos coma videoconferencia ou videochamada.</p> <p>Neste caso as preguntas serán máis concretas e se flexibilizará a duración da proba no beneficio do alumno.</p> <p>En tódolos casos informarase do valor de cada pregunta. A proba considerarase superada cunha nota de 5 ou máis.</p>
--	--

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre serán de recuperación, repaso, reforzo, e excepcionalmente de ampliación, no caso de que sexan imprescindibles para acadar os obxectivos xerais do curso ou etapa. A prioridade será sempre recuperar contidos non superados da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Estas actividades consistirán en traballos de investigación, lecturas, visionado de vídeos, cuestionarios...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía consistirá na entrega, a través do blog da materia e a páxina web do instituto, das actividades que, xunto o correo electrónico, será o medio de comunicación preferente co alumnado. Os alumnos enviarán as súas tarefas mediante correo electrónico, e serán corrixiadas polo profesor, que fomentará na medida do posible a autoavaliación do alumno, unha vez coñecidas as solucións ás tarefas e resoltas as posibles dúbidas.</p> <p>Para aqueles alumnos nos que se detectaron problemas de conectividade, o contacto realizarase telefonicamente por medio do titor e as tarefas serán enviadas por correo tradicional.</p>
Materiais e recursos	<p>O material específico para este terceiro trimestre será deseñado polo profesor, co apoio do libro de texto do curso "Detectives, el caso de la humanidad perdida" e outros materiais escritos ou audiovisuais.</p> <p>Os alumnos necesitan a Biblia coma material específico de consulta.</p> <p>Recursos indispensables serán un PC ou dispositivo dixital, unha vez identificadas e solucionadas as carencias dalgún alumno destas tecnoloxías.</p> <p>No blog http://erechivite.blogspot.com/ están recollidos materiais e recursos útiles.</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ó alumnado e ás familias levarase a cabo a través da páxina web do IES, correo electrónico e chamadas telefónicas a través dos titores.</p>
Publicidade	<p>Esta actualización da programación, así como calquera información de interese para o alumnado e as familias, estará dispoñible na páxina web do IES.</p>

2.2 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 2º ESO.

Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020

Bloque 1. A Biblia e o seu estudo.

- ✓ A relación de Deus co ser humano.
- ✓ A desobediencia do home e o plan de salvación.
- ✓ A obra redentora de Cristo.
- ✓ A xustificación pola fe.

Bloque 2. A historia da salvación.

- ✓ A lei e o evanxeo.

Bloque 3. Vida e ministerio de Xesús

- ✓ As relacións de Xesús: Co pobo. Co Pai. Cos discípulos. Con nos.

Bloque 5. Ser cristiá, unha forma de vida

- ✓ A separación entre Deus e o home. As consecuencias da caída. A esperanza de restauración

Bloque 6. Ética cristiá

- ✓ O respecto e amor ao próximo
- ✓ O coidado da creación
- ✓ A responsabilidade social. A importancia do traballo.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ata o 13 marzo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>1. Identificar as principais ensinanzas da Biblia sobre Deus e a súa relación co ser humano.</p> <p>2. Explicar o plan de salvación e a obra de Cristo comprendendo a importancia da resurrección.</p> <p>4. Analizar a base bíblica da xustificación por fe, o reino de Deus e a Igrexa.</p>	<p>1.1. Recoñece e memoriza textos bíblicos identificando as ensinanzas sobre o amor de Deus ata o home.</p> <p>2.1. Realiza unha investigación bíblica sobre o plan de salvación e a obra de Cristo revelada a través de pasaxes específicas da Biblia.</p> <p>2.2. Identifica e memoriza versículos clave, acerca do plan de salvación de Deus analizando o seu alcance a tódolos pobos da terra.</p> <p>4.1. Analiza e memoriza pasaxes claves que resumen a xustificación por graza a través da fe.</p> <p>4.2. Usa rigor crítico e obxectividade no estudo bíblico.</p> <p>4.3. Examina no Novo Testamento o concepto do Reino de Deus, a orixe da igrexa e a súa misión no mundo hoxe, resumindo as súas conclusións.</p>
<p>1. Analizar en textos do evanxeo as relacións de Xesús co Pai, os discípulos, diversas persoas do pobo e con nos, e comunicando os seus achados ó resto da clase.</p> <p>2. Sacar conclusións acerca de qué significa e qué implicacións persoais ten ser discípulo de Xesús Cristo, mediante o estudo, individual e grupal, de diversos textos dos Evanxeos que relatan encontros de Xesús con diferentes persoas.</p>	<p>1.1. Le textos bíblicos onde Xesús fala co Pai, ensina sobre a súa relación con El, analizando as ensinanzas máis importantes que identifica.</p> <p>1.2. Contrasta os diversos textos nos que Xesús se atopa con diferentes persoas resumindo as actitudes que Xesús demostrou cara eles.</p> <p>1.3. Analiza e expón a súa opinión con respecto os encontros que tivo Xesús con diferentes persoas: relixiosos, necesitados, autoridades e discípulos, etc.</p> <p>1.4. Aprecia o ofrecemento de amizade persoal que fai Xesús a cada ser humano, explicando qué significa esa amizade na súa experiencia persoal.</p> <p>2.1 Analiza as características que identifican a un discípulo de Xesús e debate as implicacións persoais que ten ser discípulo de Xesús na actualidade.</p> <p>2.2. Traballa de maneira guiada e grupal, a busca de información dos encontros de Xesús con diferentes persoas.</p> <p>2.3. Entende a importancia de que cada persoa cultive a súa relación persoal con Deus, analizando a relación de Xesús con Deus Padre.</p> <p>2.4. Distingue e sinala en textos bíblicos a importancia da lectura da Biblia e a oración</p>
<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan as consecuencias do pecado na relación con Deus, con nos mesmos e con outras persoas.</p>	<p>1.1. Define o concepto bíblico do pecado e identifica as consecuencias que trouxo para o ser humano, na súa relación con Deus, con outras persoas e coa natureza.</p> <p>1.4. Analiza a realidade humana xeral a través dos medios informativos, identificando as situacións problemáticas máis importantes e expoñendo en clase as súas conclusións</p>

<p>2. Saber identificar e localizar en pasaxes bíblicos exemplos de condutas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus e entender a esperanza de restauración que a Biblia ensina.</p>	<p>persoais. 2.1. Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o interese de Deus por cada persoa e a súa restauración.</p>
<p>1. Comprender a perspectiva bíblica sobre o respecto e amor ó próximo, o coidado da creación, a responsabilidade social e a importancia do traballo.</p> <p>2. Participar activamente nalgún proxecto colectivo (na familia, o centro escolar, o barrio, o pobo o a cidade onde vive) que contribúa a cubrir as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno achegado, manifestando actitudes de solidarizade e compromiso.</p> <p>3. Utilizando informacións de diversas fontes, identificar os valores predominantes na sociedade actual respecto a diversas situacións, problemas e dilemas éticos contemporáneos, contrastándoos cos valores éticos cristiáns segundo as ensinanzas da Biblia.</p>	<p>1.1. Demostra mediante exemplos de diversas fontes, o amor ó próximo e o servizo na vida do cristián. 1.2. Identifica as necesidades básicas (biolóxicas, psicolóxicas, sociais ou espirituais) de persoas do seu entorno achegado e enumera maneiras de alivalas e axudar. 1.3. Analiza a través da prensa a marxinação, o racismo e a integración ou falta de ela e debate sobre estes temas. 1.4. Compara e explica o respecto e convivencia fronte ó desprezo e a violencia.</p> <p>2.1. Desenrola en grupo un proxecto de coidado do medio ambiente manifestando actitudes de solidarizade e compromiso.. 2.2. Toma conciencia da necesidade de mostrar solidariedade cos demais seres humanos en diferentes situacións: exclusión social, catástrofes, etc. 2.4. Identifica inxustizas humanas contemporáneas emprazadas no seu entorno propoñendo alternativas bíblicas de denuncia e/ou solución.</p> <p>3.1. Utiliza diferentes fontes (libros, artigos de revistas ou xornais, entrevistas, cuestionarios, programas de radio ou televisión, películas, anuncios publicitarios), e identifica a solidariedade e o consumismo, contrastándoo cos valores éticos cristiáns. 3.2. Da solucións creativas a situacións de cooperación e conflito entre diferentes colectivos ou grupos.</p>

Avaliación e cualificación no 3º trimestre	
Avaliación (Actividades de refuerzo e/ou ampliación)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Avaliación (Actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliacións)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Cualificación final	<p>A nota final será a media aritmética da primeira e segunda avaliación mais a valoración do traballo da terceira avaliación (ata un punto, cun redondeo en positivo unha vez acadados os 0’5 puntos) A cualificación será positiva se o alumno acada unha nota maior ou igual que 5.</p>

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Na proba extraordinaria de Setembro non aparecerán cuestións que non sexan relativas ós contidos da 1ª e 2ª avaliación. No caso de desenvolverse presencialmente, a proba será escrita, de xeito convencional.</p> <p>No caso de desenvolverse a distancia, a proba se desenvolverá por medios telemáticos coma videoconferencia ou videochamada.</p> <p>Neste caso as preguntas serán máis concretas e se flexibilizará a duración da proba no beneficio do alumno.</p> <p>En tódolos casos informarase do valor de cada pregunta. A proba considerarase superada cunha nota de 5 ou máis.</p>
<p>Alumnado de materia pendente de cursos anteriores</p>	<p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación serán os correspondentes ao curso de 1º de ESO que aparecen recollidos na programación da materia.</p> <p>Criterios de cualificación: O alumno, coa materia pendente, que realice satisfactoriamente os traballos marcados polo departamento superará a materia pendente. O alumno que supere a 2ª Avaliación do curso actual terá superada a materia pendente (por ser esta unha materia con contidos progresivos) Aqueles alumnos que polos criterios anteriores non superen a pendente terán a posibilidade de asistir a unha proba final ordinaria en maio e a unha extraordinaria en Setembro, que dependendo das circunstancias, poderá ser presencial ou telemática. Finalmente, se un alumno aproba a materia do curso actual, aínda que suspendera a pendente, superará esta de maneira automática.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos. Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre serán de recuperación, repaso, reforzo, e excepcionalmente de ampliación, no caso de que sexan imprescindibles para acadar os obxectivos xerais do curso ou etapa. A prioridade será sempre recuperar contidos non superados da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Estas actividades consistirán en traballos de investigación, lecturas, visionado de vídeos, cuestionarios...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía consistirá na entrega das actividades a través do blog da materia e a páxina web do instituto que, xunto o correo electrónico, será o medio de comunicación preferente co alumnado. Os alumnos enviarán as súas tarefas mediante correo electrónico, e serán corrixiadas polo profesor, que fomentará na medida do posible a autoavaliación do alumno, unha vez coñecidas as solucións ás tarefas e resoltas as posibles dúbidas.</p> <p>Para aqueles alumnos nos que se detectaron problemas de conectividade, o contacto realizarase telefonicamente por medio do titor e as tarefas serán enviadas por correo tradicional.</p>
Materiais e recursos	<p>O material específico para este terceiro trimestre será deseñado polo profesor, co apoio do libro de texto do curso “Detectives, el caso de Jesús” e outros materiais escritos ou audiovisuais.</p> <p>Os alumnos necesitan a Biblia coma material específico de consulta.</p> <p>Recursos indispensables serán un PC ou dispositivo dixital, unha vez identificadas e solucionadas as carencias dalgun alumno destas tecnoloxías.</p> <p>No blog http://erechivite.blogspot.com/ están recollidos materiais e recursos útiles.</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ó alumnado e ás familias levarase a cabo a través da páxina web do IES, correo electrónico e chamadas telefónicas a través dos titores.</p>
Publicidade	<p>Esta actualización da programación, así como calquera información de interese para o alumnado e as familias, estará dispoñible na páxina web do IES.</p>

2.3 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 3º ESO.

Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020

Bloque 1. A Biblia e o seu estudo

- ✓ A Biblia coma palabra de Deus. A veracidade da Biblia. A fiabilidade da Biblia.

Bloque 2. A historia da salvación

- ✓ Xosué e a conquista da terra prometida.
- ✓ O período dos Xuíces.
- ✓ A división do Reino. O mensaxe dos profetas na cautividade.

Bloque 5. Ser cristiá, unha forma de vida

- ✓ Novo nacemento. Xesús como Salvador
- ✓ O discipulado. Xesús é Señor.

Bloque 6. Ética cristiá

- ✓ A responsabilidade persoal. As relacións interpersoais. A comunidade cristiá.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ata o 13 marzo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>1. Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como medio polo cal Deus se revela e fala ó ser humano.</p> <p>2. Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, autenticidade, autoridade, unidade e coherencia da composición bíblica, facendo uso das tecnoloxías da información e comunicación como recurso de apoio.</p>	<p>1.1. Analiza textos bíblicos que presentan a Biblia como medio polo cal Deus se revela ó ser humano identificando os máis relevantes na Biblia.</p> <p>1.2. Valora a autenticidade e autoridade da Biblia xustificando adecuadamente as súas respostas.</p> <p>2.1. Analiza e debate o concepto de inspiración de Deus na Biblia a través dos distintos escritores.</p> <p>2.2. Valora e exemplifica cómo a Biblia pode orientar o desenrolo individual e colectivo.</p> <p>2.3. Identifica a unidade, coherencia e fiabilidade da Biblia razoando sobre a importancia de estas características.</p>
<p>1. Obter información sobre os principais feitos acaecidos ó pobo de Israel dende o establecemento na Terra Prometida ata o exilio, elaborando a información recollida (táboas, gráficos, resumos).</p> <p>2. Sacar conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade.</p>	<p>1.1. Recoñece quen foron os principais xuíces de Israel (dende Xosué a Samuel).</p> <p>1.2. Discrimina quen son os personaxes clave neste período da historia do pobo de Israel.</p> <p>1.3. Identifica o contexto histórico-xeográfico do período que vai dende a chegada a Terra Prometida ata a catividade en Babilonia, representándoas nunha liña do tempo.</p> <p>2.1. Analiza a mensaxe dos profetas, situando a cada un no seu contexto histórico e identificando a resposta do pobo ó mensaxe e as súas consecuencias históricas.</p> <p>2.2. Identifica en qué aspectos o pobo de Israel cambiou despois do cativerio en Babilonia.</p>
<p>1. Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan o concepto de que o ser humano foi creado á imaxe de Deus e a restauración da mesma a través de Xesús.</p> <p>2. Saber, identificar e localizar en pasaxes bíblicos exemplos de condutas, actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus e o papel de perseverar na vida cristiá como seguidores de Xesús.</p>	<p>1.1. Repasar o aprendido nos anteriores cursos respecto ó plan eterno de Deus para o ser humano a través da provisión de Deus no seu fillo Xesús.</p> <p>1.2. Explica coas súas propias palabras o que é o Novo nacemento e os cambios que se producen na persoa mediante a obra de Xesús.</p> <p>2.1. Busca e analiza testemuños e historias de persoas que seguiron a Xesús como discípulos.</p> <p>2.2. Debate cos seus compañeiros o concepto de discípulo e o chamado do cristián a seguir a Xesús.</p> <p>2.3. Confecciona un pequeno traballo individual reflexionando sobre a importancia de perseverar, madurar e profundar na fe cristiá dando exemplos prácticos de iso.</p> <p>2.4. Recoñece a lectura da Biblia e a oración como elementos fundamentais da vida do cristián.</p>

<p>1. Profundar nos aspectos prácticos de vivir a vida cristiá nunha relación persoal con Deus mesmo e con outras persoas e o que iso supón.</p> <p>2. Crear un entendemento e actitude da importancia da dilixencia e responsabilidade no desenrolo do seu futuro e formación educativa e formal ou igual que espiritual.</p>	<p>1.1. Entende e pode argumentar por escrito a importancia de manter unha relación con Deus na vida cristiá.</p> <p>1.2. Pode expresar, debater e escoitar a outros o que significa ter unha relación persoal con Deus.</p> <p>1.3. Comprende e expón con exemplos cotiás a importancia do perdón e a restauración nas relacións.</p> <p>1.5. É capaz de reflexionar acerca do seu papel na comunidade cristiá.</p> <p>1.6. Identifica e describe valores éticos cristiáns sobre as relacións interpersoais.</p> <p>2.1. Observa e analiza principios bíblicos que apelan ó valor e a responsabilidade do crente no seu traballo.</p> <p>2.2. Identifica e describe actitudes e comportamentos noutras persoas que poden axudar e favorecer a seguir formándose na súa vida profesional, e espiritual.</p> <p>2.3. É consciente da responsabilidade de cada un en formarse educativa e espiritualmente.</p>
--	--

Avaliación e cualificación no 3º trimestre	
Avaliación (Actividades de refuerzo e/ou ampliación)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Avaliación (Actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliacións)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será a media aritmética da primeira e segunda avaliación máis a valoración do traballo da terceira avaliación (ata un punto, cun redondeo en positivo unha vez acadados os 0’5 puntos) A cualificación será positiva se o alumno acada unha nota maior ou igual que 5.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Na proba extraordinaria de Setembro non aparecerán cuestións que non sexan relativas ós contidos da 1ª e 2ª avaliación. No caso de desenvolverse presencialmente, a proba será escrita, de xeito convencional.</p> <p>No caso de desenvolverse a distancia, a proba se desenvolverá por medios telemáticos coma videoconferencia ou videochamada.</p> <p>Neste caso as preguntas serán máis concretas e se flexibilizará a duración da proba no beneficio do alumno.</p> <p>En tódolos casos informarase do valor de cada pregunta. A proba considerarase superada cunha nota de 5 ou máis.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre serán de recuperación, repaso, reforzo, e excepcionalmente de ampliación, no caso de que sexan imprescindibles para acadar os obxectivos xerais do curso ou etapa. A prioridade será sempre recuperar contidos non superados da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Estas actividades consistirán en traballos de investigación, lecturas, visionado de vídeos, cuestionarios...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía consistirá na entrega das actividades recollidas no blog da materia e na páxina web do instituto que, xunto o correo electrónico, será o medio de comunicación preferente co alumnado. Os alumnos enviarán as súas tarefas mediante correo electrónico, e serán corrixiadas polo profesor, que fomentará na medida do posible a autoavaliación do alumno, unha vez coñecidas as solucións ás tarefas e resoltas as posibles dúbidas.</p> <p>No momento da redacción deste escrito, non hai identificado ningún alumno con problemas de conectividade. No caso de que se presentasen, o contacto co alumno realizarase telefonicamente e as tarefas serán enviadas por correo tradicional.</p>
Materiais e recursos	<p>O material específico para este terceiro trimestre será deseñado polo profesor co apoio de materiais escritos ou audiovisuais. Os alumnos necesitan a Biblia coma material específico de consulta.</p> <p>Recursos indispensables serán un PC ou dispositivo dixital, unha vez identificadas e solucionadas as carencias dalgún alumno destas tecnoloxías.</p> <p>No blog http://erechivite.blogspot.com/ están recollidos materiais e recursos útiles.</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ó alumnado e ás familias levarase a cabo a través da páxina web do IES, correo electrónico e chamadas telefónicas a través dos titores.
Publicidade	Esta actualización da programación, así como calquera información de interese para o alumnado e as familias, estará dispoñible na páxina web do IES.

2.4 RELIXIÓN EVANXÉLICA. 1º BACHARELATO.

Contidos tratados ata o 13 de marzo de 2020

Bloque 1. Deus e o ser humano. A obra e o plan de Deus

- ✓ Deus: carácter e atributos.
- ✓ O amor de Deus e a súa provisión para o ser humano.
- ✓ A relación entre Deus e o home, separación e plan de restauración.

Bloque 3: Xesucristo, o Espírito Santo e a Igrexa. Xesús personaxe central da Biblia.

- ✓ As profecías sobre Xesucristo no Antigo Testamento.
- ✓ O Cristián e a súa nova natureza. A amizade e dirección de Deus.

Bloque 4: A Biblia e a súa interpretación. Exéxesis e interpretación de textos bíblicos

- ✓ Xéneros literarios na Biblia e o contexto.
- ✓ Análise do vocabulario, parábolas e alegorías, metáforas e símiles.

Bloque 5: Ética cristiá.

- ✓ Os profetas e a xustiza social.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (ata o 13 marzo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>1. Coñecer e entender a doutrina da Trindad, a natureza de Deus e os seus atributos.</p> <p>3. Analizar a relación entre Deus e o ser humano, o seu propósito e responsabilidade.</p>	<p>1.1. Reflexiona e dialoga sobre os tres primeiros capítulos Xénese e a súa importancia teolóxica na historia da humanidade.</p> <p>1.2. Identifica as características de Deus reveladas en Xénese, o seu carácter atributos, resumindo e comunicando as súas conclusións.</p> <p>1.3. Sabe localizar e comprende os pasaxes da Biblia que mencionan a obra da creación e a presenza da Trindad na mesma.</p> <p>3.1. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, o interese de Deus pola persoa humana.</p> <p>3.2. Busca, obtén e presenta información sobre a natureza do pecado, as súas consecuencias e a separación de Deus e do home.</p> <p>3.3. Comprende o propósito divino de redimir ao ser humano a través de Xesús, analizando as implicacións persoais derivadas.</p>
<p>1. Describir e coñecer a persoa de Xesús nun desenrolo bíblico, teolóxico e histórico.</p>	<p>1.1. Identifica os textos mesiánicos nos libros proféticos do Antigo Testamento, e examina o cumprimento das profecías na persoa e ministerio de Xesús.</p> <p>1.2. Explica e contrasta por escrito, as dúas naturezas da persoa de Xesús (Deus e home)</p> <p>1.3. Identifica no Novo Testamento e sintetiza a evidencia bíblica dos atributos da deidade de Xesús e do Espírito Santo.</p>
<p>1. Analizar a responsabilidade ética do ser humano.</p> <p>2. Coñecer as bases e os principios bíblicos da ética cristiá</p> <p>3. Identificar valores morais e espirituais para actuar de forma responsable e autónoma.</p>	<p>1.1. Identifica e explica o principio de responsabilidade e co próximo, en especial en relación coa xustiza económica e social.</p> <p>1.2. Identifica o principio de responsabilidade co pobo de Deus e cos seus semellantes</p> <p>2.1. Reflexiona e comparte como poderían ter aplicación práctica na nosa sociedade as reivindicacións dos profetas nos aspectos de xustiza económica e social..</p> <p>3.1. Indaga razoadamente as posibilidades do perdón en conflitos persoais.</p>

<p>2. Coñecer as normas básicas de interpretación bíblica e desenvolver habilidades que lle proporcionen ferramentas sólidas para o manexo e interpretación dos textos bíblicos.</p> <p>3. Recoñecer as ferramentas teóricas dispoñibles para a boa exexeses hermenéutica do texto bíblico.</p>	<p>2.1. Entende a importancia das linguas orixinais (hebreo, grego e arameo) para comprender o texto bíblico.</p> <p>2.2. Estudia e examina o texto bíblico tendo en conta os elementos formais de contexto, xénero literario e linguaxe.</p> <p>3.1 Coñece os xéneros da biblia e a súa influencia sobre a interpretación do texto e é capaz de relacionar cada xénero con alúmenos tres libros da Biblia.</p> <p>3.2. Examina a importancia semántica da presenza do uso de parábolas, alegorías, metáforas, no texto bíblico.</p> <p>3.3. Analiza a comprensión do texto, o sentido literal, usual e o figurado.</p>
---	---

Avaliación e cualificación no 3º trimestre	
Avaliación (Actividades de reforzo e/ou ampliación)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Avaliación (Actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliacións)	<p>Procedementos: Os procedementos utilizados serán a recollida de información, recompilación de material, observación constante e sistemática do traballo, intercambios orais ou escritos por medios electrónicos e coas valoracións necesarias por parte do profesor, medicións e autoavaliacións dos propios alumnos</p>
	<p>Instrumentos: Cuestionarios, esquemas, fichas, cadros para completar, test, exercicios de pregunta-resposta... serán os principais instrumentos de avaliación utilizados, xunto coa valoración subxectiva do profesor a partir do “feedback” do contacto virtual a través de correos electrónicos. A información recibida dos alumnos será arquivada nunha conta de correo específica e rexistrada no libro do profesor, para ser tratada despois en escalas de estimación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será a media aritmética da primeira e segunda avaliación mais a valoración do traballo da terceira avaliación que sumará ata dous puntos. A cualificación será positiva se o alumno acada unha nota maior ou igual que 5.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Na proba extraordinaria de Setembro non aparecerán cuestións que non sexan relativas ós contidos da 1ª e 2ª avaliación. No caso de desenvolverse presencialmente, a proba será escrita, de xeito convencional.</p> <p>No caso de desenvolverse a distancia, a proba se desenvolverá por medios telemáticos coma videoconferencia ou videochamada. Neste caso as preguntas serán máis concretas e se flexibilizará a duración da proba no beneficio do alumno.</p> <p>En tódolos casos informarase do valor de cada pregunta. A proba considerarase superada cunha nota de 5 ou máis.</p>

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre serán de recuperación, repaso, reforzo, e excepcionalmente de ampliación, no caso de que sexan imprescindibles para acadar os obxectivos xerais do curso ou etapa. A prioridade será sempre recuperar contidos non superados da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Estas actividades consistirán en traballos de investigación, lecturas, visionado de vídeos, cuestionarios...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía consistirá na entrega das actividades recollidas no blog de aula e na páxina web do instituto que, xunto o correo electrónico, será o medio de comunicación preferente co alumnado. Os alumnos enviarán as súas tarefas mediante correo electrónico, e serán corrixiadas polo profesor, que fomentará na medida do posible a autoavaliación do alumno, unha vez coñecidas as solucións ás tarefas e resoltas as posibles dúbidas.</p> <p>No momento da redacción deste escrito, non hai identificado ningún alumno con problemas de conectividade. No caso de que se presentasen, o contacto co alumno realizarase telefonicamente e as tarefas serán enviadas por correo tradicional.</p>
Materiais e recursos	<p>O material específico para este terceiro trimestre será deseñado polo profesor co apoio de materiais escritos ou audiovisuais. Os alumnos necesitan a Biblia coma material específico de consulta.</p> <p>Recursos indispensables serán un PC ou dispositivo dixital, unha vez identificadas e solucionadas as carencias dalgún alumno destas tecnoloxías.</p> <p>No blog http://erechivite.blogspot.com/ están recollidos materiais e recursos útiles.</p>

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A información ó alumnado e ás familias levarase a cabo a través da páxina web do IES, correo electrónico e chamadas telefónicas a través dos titores.</p>
Publicidade	<p>Esta actualización da programación, así como calquera información de interese para o alumnado e as familias, estará dispoñible na páxina web do IES.</p>